

[RRC/MSGN]

Na sala de comisións “Concepción Arenal” do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, o día 16 de setembro de 2024, ás 12:00 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

**Mesa:**

Julio García Comesaña  
(Presidente)  
Roberto Rodríguez Martínez  
(Vicepresidente)  
Paloma Castro Rey  
(Secretaria)

**Vogais:**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):**

Argimiro Marnotes Fernández  
Paula Mouzo Mas  
José Alberto Pazos Couñago  
Carmen María Pomar Tojo  
(en substitución de Katherinie Varela Fernández)  
Paula Prado del Río  
Pablo Javier Prieto Perille  
María Felisa Rodríguez Carrera

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):**

Óscar Insua Lema  
Noa Olalla Presas Bergantiños  
(en substitución de María Cristina Fernández Davila)  
Iago Suárez Fernández  
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro  
Iria Taibo Corsanego

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

María del Carmen Rodríguez Dacosta  
(en substitución de Patricia Iglesias Rey)

**Grupo Parlamentario Mixto (M):**

Armando Ojea Bouzo

**Comparecente:**

**Candidato proposto para a cobertura dunha vacante de membro electivo do Consello Consultivo de Galicia**

**Letrada:**

Raquel Rodríguez Carro

O señor presidente abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

**Punto único.- Comparecencia de Andrés Lago Louro, candidato proposto para a cobertura dunha vacante de membro electivo do Consello Consultivo de Galicia**  
**8133 (12/CCGD-000001)**

*Inicio do procedemento, BOPG n.º 62, do 07.08.2024*

*Publicación do acordo, BOPG n.º 69f2, do 22.08.2024*

O señor presidente comunica que, conforme ao artigo 3.2, da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, as persoas candidatas propostas deberán comparecer perante a Comisión conforme ao Regulamento da Cámara co fin de examinar a idoneidade para o seu cargo.

Con este fin, o acordo da Mesa do día 9 do corrente mes, asignou a súa comparecencia a esta Comisión; e a Mesa desta, acordou o desenvolvemento do seguinte xeito: unha primeira intervención do comparecente por un tempo aproximado de 10 minutos; unha rolda de grupos parlamentarios, por un tempo de 5 minutos; e unha rolda de peche, de 5 minutos para o comparecente.

O señor presidente, logo de darlle a benvida ao comparecente, Andrés Lago Louro, e concédelle a palabra por un tempo aproximado de dez minutos.

Xa que logo, intervén o **señor Lago Louro, Andrés, candidato proposto para a cobertura dunha vacante de membro electivo do Consello Consultivo de Galicia** que procede á informar aos membros da comisión sobre o seu *currículo vitae* e a súa condición de idoneidade para o cargo do Consello Consultivo de Galicia.

A continuación, ábrese unha rolda de grupos parlamentarios, para que os seus voceiros ou voceiras formulen as preguntas e observacións que consideren oportunas sobre a información recibida, na que fan uso da palabra o **señor Ojea Bouzo (M)**, a **señora Castro Rey (S)**, o **señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)** e a **señora Prado del Río (P)**.

De novo, intervén o **señor Lago Louro**, para dar resposta ás consideracións formuladas e con cuxa intervención se pecha o debate desta comparecencia.

O señor presidente, agradécelle ao **señor Lago Louro**, a súa colaboración e presenza na sesión desta Comisión.

Remata a sesión ás 12:45 horas.

*(Achégaselle a esta acta como anexo a transcripción literal da sesión.)*

Julio García  
Comesaña

V. e p.:  
Firmado digitalmente por Julio García Comesaña  
Nombre de reconocimiento (DN):  
cn=Julio García Comesaña,  
email=julio.garcia.comesana@parlamentodegalicia.es  
Fecha: 2024.10.24 10:57:47 +02'00'

Paloma  
Castro Rey

Paloma Castro Rey  
Secretaria da Comisión

Firmado  
digitalmente por  
Paloma Castro Rey  
Fecha: 2024.10.24  
10:45:49 +02'00'

**ANEXO ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª. ECONOMÍA, FACENDA E  
ORZAMENTOS, DO DÍA 16 DE SETEMBRO DE 2024**

*(Comparecencia de Andrés Lago Louro, candidato proposto vacante Consello  
Consultivo de Galicia)*

*(Ábrese a sesión ás 12.00 horas)*

**O presidente da Comisión (García Comesaña):** Moi bos días a todos.

Comezamos esta reunión da Comisión 1ª., Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e facelo coma sempre, pasando a secretaría o listado para comprobar que temos quórum suficiente.

**A secretaria(Castro Rey):** Grazas, presidente.

Bo día, e procedo a pasar listado:

*(A secretaria le a relación de asistentes.)*

**O presidente da Comisión (García Comesaña):** Moitas grazas, señora secretaria.

Conforme ao artigo 3.2, da Lei 3/2014 do 24 de abril do Consello Consultivo de Galicia, as persoas candidatas propostas deberán comparecer ante a comisión conforme ao Regulamento da Cámara, co fin de examinar a idoneidade para o seu cargo. Con este fin o acordo da Mesa do día 9 do corrente mes asinou a súa comparecencia a esta comisión e a Mesa desta acordou o desenvolvemento do seguinte xeito: unha primeira intervención do comparecente, que, por certo, é don Andrés Lago Louro —moitas grazas por acudir hoxe aquí— dicía, unha primeira comparecencia por un tempo aproximado de 10 minutos; Unha rolda dos grupos parlamentarios por un tempo de 5 minutos é unha rolda de peche de 5 minutos tamén para a comparecente.

Polo que a seguir, intervén don Andrés Lago Louro candidato proposto polo Grupo Parlamentario Popular por eses 10 minutos ten a palabra o señor candidato.

**O señor Lago Louro:** Grazas. Grazas pola súa presentación.

Para min é unha honra estar aquí diante de vostedes e vou tratar de ser ameno e escueto na miña exposición.

Antes de nada quero agradecer en primeiro lugar o Grupo Popular porque deles parte esta proposición, esta iniciativa que certamente, foi inesperada, pero non por inesperada é menos gratificante, senón todo o contrario. Ás veces as cousas que uno espera resultan máis máis agradables, porque supón que alguén o que non coñeces, que estima o teu traballo e que se valore que por tanto, considera que es acto para desempeñar un cargo e para min é moita avalía que é o de membros do Consello Consultivo de Galicia.

Quero agradecer tamén aos restantes membros dos distintos grupos parlamentarios aquí presentes, algúns coñézoos de feito ao longo da miña traxectoria

profesional, os membros do Grupo Bloque Nacionalista Galego, do Partido Socialista, e por suposto de Democracia Ourensá, que tamén están aquí presentes.

E, se me permiten, antes de empezar quero tamén agradecer aquí na sede do Parlamento de Galicia que, insisto, para min é unha honra das máis importantes da miña vida, créame que o síntoo así e quero agradecerlle tamén a miña presenza aquí a dúas persoas que non están hoxe aquí, dúas persoas que vostedes non coñecen, pero que teñen moita culpa de que eu hoxe estea aquí, que son os meus pais. A miña nai, ao meu pai, ela unha ama de casa, el un vello mariñeiro xa xubilado. Ela non está xubilada, porque saben que en Galicia as amas de casa nunca se xubilan. Pero quero agradecerlles porque aínda sen ter moitas posibilidades na vida, si tiveron sempre unha teima moi importante, que era que cos seus tres fillos, puidesen estudar e puidesen mellorar a vida e grazas a iso estou aquí diante de vostedes. Quero agradecerllo porque sei que verán esta comparecencia e han de sentir tan orgullosos como estou hoxe aquí desta diante de vostedes.

E sen máis, a proposta, ¿porque aceptei a proposta do Grupo Popular? Ben acepteina por moitos motivos: Primeiro, porque considero que son apto para ese cargo, porque teño a cualidade e a competencia técnica necesaria. Eu creo que teñen vostedes por aí o meu currículo, non sei se llo pasaron aos restantes grupos parlamentarios, se queren algunha aplicación ou explicación dareilla posteriormente. Non vou aburriros máis pero vou simplemente dicir os fitos máis importantes que engrosan esa traxectoria.

Eu licéncienme en dereito pola Universidade Santiago de Compostela no ano 1996; despois estiven un ano un pouco postrado a causa dunha enfermidade. E unha vez superada esta, dous anos despois volví a retomar os estudos e cursei un curso de postgrao de dereito xudicial, máster en dereito xudicial tamén titulación desa Universidade, con vistas a ingreso na carreira xudicial. Con iso presenteime no ano 2001 ao exame de ingreso pola quenda de turno libre obtendo a máxima nota no meu tribunal no primeiro exame e accedendo á carreira xudicial pouco despois, no ano 2002; en primeiro lugar, como xuíz adxunto, despois de superar o curso teórico práctico na escola xudicial, loxicamente; xuíz adxunto a disposición do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, desempeñando a miña labor en primeiro lugar nun xulgado de Ordes e posteriormente, ao pouco tempo xa seis ou sete meses despois conseguín a praza de titular, aínda que en este caso fóra de Galicia, foi no xulgado de 1ª instancia e instrución único de Cistierna en León.

Ben, ao pouco tempo conseguín retornar aquí a Galicia. Vin para Corcubión unha longa traxectoria que desenvolvín da que gardo boas lembranzas, dende logo. Foi tal a traxectoria e sentínme tan a gusto que ascendendo a maxistrado e tendo a posibilidade de vir para una cidade de maior categoría, preferín renunciar e quedar alí en Corcubión ata rematar o traballo feito. E unha vez rematado, xa no ano 2013 recalei finalmente aquí en Santiago de Compostela e dende aquela ata hoxe apliquei as diversas ramas do ordenamento xurídico, tanto no ámbito civil como a no penal, como de lo contencioso administrativo. Estiven en diversos xulgados de 1ª instancia número cinco,

onde tiven a oportunidade de aplicar a normativa de dereito privado porque ten unhas connotacións públicas importantes, sobre todo en materia de consumo, de lexislación bancaria e de cláusulas abusivas contractuais, que está tanto a orde do día hoxe en día, onde o coñecemento da xurisprudencia do Tribunal Europeo, porque é unha normativa, de raigame comunitaria, e é moi importante coñecer. E despois como xulgado de instrución estiven dúas veces, agora mesmo estando alí no xulgado de instrución número tres de Santiago de Compostela, con competencia exclusiva, aínda que non excluín en materia de violencia de xénero. Nese xulgado, como vostedes saben, ten unha posibilidade de instruír a rematar unha das causas sen dúbida máis complexas que se puideron tramitar neste país, eu creo que en calquera xulgado do país, como foi a causa do Alvia polas súas connotacións e as repercusións que todos vostedes coñecen e que non vou aquí a explicar.

Obviamente durante esta temporada tamén estiven aplicando a normativa xurídica administrativa, desempeñando labores de reforzo nos dous xulgados do contencioso administrativo de Santiago de Compostela, tanto no 1 como no 2.

O feito de desempeñar a resolución contencioso administrativo de Santiago de Compostela ten unha connotación específica que vou tratar de xustificar, e é que Santiago de Compostela aínda sendo unha cidade pequena, como vostedes saben, é a capital de Galicia e, por tanto, acumula neste territorio unha bagaxe administrativa moi considerable, porque hai moitos órganos da Administración, tanto de base territorial como de carácter institucional, que dan lugar a unha inxente lexislación administrativa e, por tanto a unha conflitividade tamén equivalente. Polo tanto, iso permitíume coñecer o xeito en que a administración se relaciona cos cidadáns nas diversas facetas da xurisdición contencioso administrativa, tanto do dereito tributario como lo dereito urbanístico, como la contratación administrativa, e especialmente na última parte que foron os dous últimos anos no ámbito da responsabilidade patrimonial, con incidencia especial na responsabilidade patrimonial de orde sanitaria.

Esta situación, este desenrolou deste traballo, permitiu que no ano 2018 os meus compañeiros por unanimidade me elixirán xuíz decano de Santiago de Compostela, cargo que acabo de renovar no en 2022 e que sigo desempeñando actualmente.

E xa sen máis, á marxe desta traxectoria profesional, a sala de goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, propúxenme como coordinador territorial da escola xudicial de Barcelona en Galicia para coordinar a formación dos futuros xuíces e xuízas. Participou tamén no conformación do programa do Centro da Escola Xudicial elaborando diversas ponencias, algunhas están aí mencionadas; hai outras moitas, o último foi desde marzo de 2024, sobre as cuestións prácticas que se suscitan dos xuíces en prácticas na súa formación previa ao incorporarse á carreira xudicial. Eu non sei se me queda máis. Efectivamente, tamén, á parte dixo fun designado polo Consello do Poder Xudicial, membro integrante do que se chama Redeme, que é unha unidade de consello prexudicial de recente, moi recente creación precisamente a raíz do caso Alvia, onde se considerou necesario designar polas comunidades autónomas a lo menos a dous

especialistas en materia de instrución de causas especialmente complexas, casos de vítimas múltiples, pois ben, eu son un dos dous especialistas de aquí, da comunidade autónoma designado polo Consello do Poder Xudicial.

Á parte diso, colaborei activamente co Colexio de Avogados desde que estou aquí en Santiago de Compostela, na Escola de Práctica Xurídica, son formador de futuros avogados e procuradores, estouno sendo e ademais é moi gratificante porque organizamos un programa de prácticas nos xulgados e tivo unha acollida moi favorable por parte dos alumnos e de feito está sendo copiado por outros colexios de avogados noutras localidades.

E teño tamén a titulación especialista en Dereito Floral Galego e en Linguaxe Xurídica Galega. Non sei se me queda algo máis, se me queda algo máis mo dirán vostedes porque está aí no currículo.

En calquera caso, ao marxe de todo iso, eu creo que a cualidade fundamental que eu posúo para ser membros do Consello Consultivo é que teño unha grande vocación de servizo público. É incuestionable, e espero que vostedes aprecie en ese sentido. É incuestionable nas máis de 5.000 resolucións que fun ditando ao longo da miña vida profesional, e quero que siga sendo así no futuro no Consello Consultivo.

Falar de vocación de servizo público supón defender os intereses xerais con obxectividade e con imparcialidade e supón tamén buscar a xustiza de cada caso concreto. Iso tivo lugar durante os 22 anos que viña exercendo a xurisdición, pero creo que tamén se pode reflectir na labor do Consello Consultivo. Consello Consultivo non debe ser un órgano pasivo, senón de que debe adoptar unha actitude máis proactiva. Na miña humilde opinión, quero dicir que como órgano integrado por especialistas, por técnicos que teñen unha certa especialización, eu no meu caso, despois de 22 anos aplicando dereito, teño coñecemento de cales son moitas veces os defectos, e na técnica xurídica e na definición das normas xurídicas que dan lugar a un volume de litixiosidade considerable.

Pois ben, eu creo que o Consello Consultivo nese sentido poderíase anticipar, non limitarse a esperar que lle pidan ditame por parte Administración autonómica, local, a universidade, senón que en moitos casos para evitar precisamente este tipo de litixiosidade pois realizar una labor proactiva, é dicir, cando estean un conflito, cando estean nunha posible un posible afectación aos intereses xerais, propoñer de maneira proactiva algunhas modificacións lexislativas ou unha redacción distinta das normas que poida ser máis adecuada ao interese xeneral.

E despois tamén que os ditames do Consello Consultivo non sexan soamente a expresión dunha obra intelectual de que un se sinta orgulloso, senón que pensen tamén no servizo que van destinados. Voulles poñer un exemplo, e vano entender perfectamente; é dicir, non é o mesmo un ditame que se pide por parte dun órgano en materia dunha lexislación de costas, en materia urbanística, que normalmente aquilo que vai destinado é un órgano especializado que dispón de servizos técnicos que van



comprender perfectamente o contido dese ditame, como cando o Consello Consultivo ten que ditaminar en materia de responsabilidade patrimonial, por exemplo, por unha responsabilidade sanitaria, Evidentemente, cando un pai ou unha nai perde un fillo nun parto ou cando un familiar, unha intervención cirúrxica, que é sometido a un familiar que non sae do xeito esperaban, consideran que houbo un erro ou considera que hai algún problema que solventar. É que non foi iso o resultado esperado por algún motivo, buscando Consello Consultivo ten que ditar o ditame nese caso —e eu teño visto moitos deses ditames, insisto— ten ou ten que pensar que o destinatario é o Sergas ou é un organismo público destinado a recepcionar ese informe, senón que ese informe vai ser destinado a ser lido por ese pai que emprendese fillo ou por ese familiar que perdeu a ese outro familiar. E, por tanto, os termos utilizados en cada caso teñen que ser distintos, aquelas que esteamos no Consello Consultivo, temos que ter a capacidade de prever esa cuestión e adiantarnos esa cuestión e permitir co uso de términos xurídicos que son ineludibles, non descoiden a capacidade de que esa persoa pode entender e comprender no fondo cal é o sentido de la resolución, é do acontecido neste caso concreto.

E, finalmente, non sei se me estou pasando señor presidente, se me paso dígamo.

Eu ao longo da miña vida, se algo me caracterizou foi sempre a moderación, eu creo que a moderación é esencial e básica na vida, en todos os ordes da vida e incluso para a propia saúde dun mesmo. Pero, se algo me pode cualificar como fanático, como intransixente, é exclusivamente na defensa do estado de dereito. Eu creo que o estado de dereito é unha conquista que todos debemos protexer día a día, o respecto das normas establecidas sen prexuízo da súa modificación polos cauces legalmente establecidos, pero respecto das normas establecidas, e é unha conquista que non debemos descoidar nunca porque é a garantía última dos dereitos e liberdades de todos nós.

Polo tanto, en definitiva, señores e señoras, vocación de servizo público, defensa dos intereses xerais con imparcialidade, obxectividade e defensa a ultranza do estado de dereito son as consignas que marcaron o meu devir profesional, espero que siga sendo así no futuro en caso de que vostedes me ten a súa confianza.

Se é así, rogo que apoién a miña candidatura, porque non lles vou fallar, agora, se non é así, se algún de vostedes non comparte algúns destes obxectivos, pois entón tamén lles pido que sexan sinceros e que non me boten loxicamente.

Moitas grazas a todos pola súa atención.

Gracias.

**O presidente da Comisión (García Comesaña):** Moitas grazas, señor Lago Louro.

Ben, comezamos agora a rolda de intervencións dos grupos parlamentarios e comezamos co Grupo Mixto. Cun tempo de cinco minutos, señora Ojea.

**O señor Ojea Bouzo:** Gracias, presidente.

Benvido, señor candidato.

En primeiro lugar, grazas pola súa comparecencia. Efectivamente, xa tiñamos lido parte, á parte do curriculum que figuraba na documentación da comisión, a curiosidade fainos ler en Google e das páxinas axeitadas á súa traxectoria. Adiántolle que parécenos ben a proposta do Partido Popular ao respecto deste tema e ímola apoiar. Eu, —porque eu son o grupo dun só elemento, xa sabe, é,— valoro en gran medida o labor do Consello Consultivo.

Gustoume moito o que falou acerca da súas funcións no ámbito administrativo, xa sei que ten outros cometidos, pero na miña condición de concelleiro que manteño na actualidade, tivemos varias veces case de xeito o home, non rutinario, pero cun con certa frecuencia desde o Concello do que formo parte como concelleiro, pedir informes ao Consello Consultivo en varias ocasións, como seguramente tamén xa coñece. Vostede.

Falaba da dificultade que teñen os profanos para entender a linguaxe xurídica —cousa na que concordo por completo é con vostede— pero tamén lembro que moitos dos profesionais que figuran nos consellos na nómina de asesores xurídicos e de profesionais do asunto ás veces tamén se encontran con dificultades, ás veces hai verdadeiros debates á hora de interpretar non só os ditames do Consello Consultivo, senón os doutros. Quero dicir que a dificultade esténdese máis alá do ámbito profano a entender moitas veces esa clase de informes.

Esperar que teña sorte na súa labor que espero e confío que siga adiante a súa candidatura como membro dese consello. E gustoume tamén a súa defensa explícita aínda que se lle debería supoñer pola súa condición profesional, pero xa que fixo explícita ao seu compromiso coa defensa do estado de dereito é unha cousa que é que me agrada escoitar, sobre todo nestes tempos en que parece ser que ese logro social, cuns cuantos séculos de loita que se precisaron para iso, ás veces dá a impresión na actualidade os intereses políticos fano cuestionar, porque ás veces eses valores do estado do dereito e da separación de poderes, parecen que na actualidade ás veces a entrar en conflito con certas cosmovisións e sobre todo desde certas ópticas políticas. Entón, agradoume nese caso concreto, aínda que eu daba por suposto, porque se unha persoa pertence ao colectivo profesional ao que vostede pertence, dáse por suposto que esa defensa se lle que supón, como o valor do soldado.

Nada máis e adiantar que apoiaremos a candidatura e agradecer unha vez máis a súa presenza aquí.

Nada máis. Grazas.

**O presidente da Comisión (García Comesaña):** Moitas grazas señor Ojea.

A continuación ten a palabra polo Grupo Socialista, dona Paloma Castro por un tempo tamén de cinco minutos.

**A señora Castro Rey:** Grazas, presidente.

Bo día e de novo, señor Lago.

Dende o Grupo Socialista é que eu, como tócame eu representar o seu Grupo Socialista, queremos darlle a benvida ao Parlamento e tamén os parabéns pola súa elección como presidente do Consello Consultivo, e desexámoslle toda sorte na súa xestión á fronte deste órgano.

Iniciaba vostede a súa comparecencia facendo así un breve resumo da súa traxectoria e a maiores co currículo que hoxe aportou xunto a esta comisión que vostede ten pois nós queríamos destacar e eu principalmente porque como na miña condición de xurista, gustárame recoñecer esa labor realizada durante os anos que estivo vostede, por exemplo, nos últimos anos, á fronte do Decanato de Santiago. Anos ademais duros de pandemia, todos os que xestionamos durante ese tempo sabemos o difícil que foi xestionar, sabemos que nos enfrontabamos a algo totalmente descoñecido que houbo que reformular moitas cousas, é ir sobre a marcha facendo cada día de forma improvisada e máis no funcionamento dos xulgados e tribunais, que era un ámbito no que non se podía parar a actividade porque se estaban a garantir moitos dereitos das persoas.

En relación tamén a súa xestión cabe destacar a insistencia na necesidade da creación das novas unidades xudiciais en Santiago, algo moi necesario nalgúns áreas, por exemplo no eido do dereito de familia, que existe unha pendencia que sería e é necesario mellorar. E despois tamén na necesidade de creación dese xulgado exclusivo de violencia de xénero para o partido xudicial de Santiago, que eu entendo como a necesaria e creo que tamén sería necesario que fose xulgado limitado ao ámbito dese partido xudicial porque estendelo a un carácter comarcal podería prexudicar pola dispersión territorial que existe neste territorio e podería prexudicar a outros partidos xudiciais, como pode ser por exemplo o de Barbanza, que non ten tanta pendencia xudicial os asuntos relacionados coa violencia de xénero.

E despois dicirlle que ten vostede o reto por diante de acadar un Consello Consultivo transparente, imparcial e que poida servir aos concellos de apoio xurídico, porque moitas veces os concellos, sobre todos os concellos pequenos, están moi carentes de recursos a nivel xurídico e necesitan ese apoio.

Despois falarlle desa última modificación da Lei 3/14 do Consello Consultivo, unha lei que orixinalmente fora consensuada con outros grupos

parlamentarios, como o meu, e que despois foi modificada no ano 2017 con esa Lei de acompañamento aos orzamentos, unha modificación que nós criticamos duramente porque suprimía o corpo de letrados do Consello Consultivo, os integraba na Administración xeral da Comunidade Autónoma e nós cremos que tratouse dunha decisión errónea que restou imparcialidade a ese órgano e, polo tanto, cremos que debería ser revertida ou modificada.

E despois tamén hai outras eivas que se derivarán desa regulación, que cremos que crearon nalgúns disfuncións ao longo deste tempo que condicionaron a independencia e a pluralidade deste órgano. E dígollo así moi resumidamente, por exemplo, a distribución de competencias entre o Pleno e a sección de estudos informe que temos provocado varios problemas. A composición da dita sección, xa que perdeu en xullo do 2019 ao conselleiro nato o presidente Fernando González Laxe, e, polo tanto, non podía funcionar ao estar compostos por dúas persoas e deixar de ser un órgano colexiado.

E despois ás veces tamén temos que poñer o foco nalgúns dos informes que se fixeron, que parecían ad hoc informes feitos para pola designación do presidente da Xunta, como pode ser o relativo ao traslado de Ence ou coa Lei do litoral.

Pero non me vou estender máis porque non imos falar dos efectos retroactivos senón nun futuro, nunha nova xestión, e do que vostede falou agora mesmo, é importante e cremos que é moi positivo, como recalcou vostede, aspectos como a garantía do estado de dereito, esa conquista que temos feito dende o ano 78, pero é unha conquista que hai que lembrar moi a miúdo, que non é infranqueable e que corresponde ás institucións garantilo e conservalo.

Non está nada consolidado, moitas veces hai un cuestionamiento social das nosas institucións e do noso Estado de Dereito, ás veces provocando de forma interesada por esas fake news outras veces derivado do comportamento de certas persoas que están á fronte das institución, pero que valoramos que vostede poña de manifesto a súa garantía e á súa defensa e tamén ese servizo de vocación pública para una actuación transparente e imparcial, esa accesibilidade cara á cidadanía e moitas veces tamén cara aos concellos, porque moitas veces son ledos en dereito e tamén as persoas destinatarias destes informes.

E, por último, ese traballo proactivo que ás veces previr é unha fórmula de xerar novos conflitos e de xerar unha axilidade no funcionamento deste órgano.

Polo tanto, reitero os meus parabéns e sobre todo a miña, a nosa sorte e desexarlle toda a sorte na futura xestión.

Máis nada e moitas grazas.

**O presidente da Comisión (García Comesaña):** Moitas grazas señora Castro.

A continuación ten a palabra polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, señor Iago Tabarés Pérez Piñeiro, por cinco minutos.

**O señor Tabarés Pérez-Piñeiro:** Grazas señor presidente.

Señorías.

Señor Lago Louro, en primeiro lugar, darlle os parabéns non só pola proposta, senón tamén pola súa exposición, que lonxe de ser —ou polo menos así o transmitiu— un mero formalismo ao que se ve obrigado por mor do artigo 3 do Consello Consultivo, senón que transmitiu a sensibilidade, a relevancia que lle dá a un nomeamento, a unha proposta de nomeamento que nós tamén consideramos relevante.

Realmente esta comparecencia, que entendo que non debería ser e non o é un mero formalismo, tanto o que temos que determinar a idoneidade, a idoneidade respecto de dous puntos de vista, dous puntos de vista que é a súa competencia profesional, esa traxectoria como xurista de cando menos 10 anos, e despois a súa vinculación co dereito público, actividades propias do Consello Consultivo.

Lido e escoitada a súa exposición e lido o seu currículo creo que respecto da súa formación xurídica, e incluso fundamentalmente derivada da súa longa traxectoria profesional, nun xulgado querido e significado para algún e tamén indirectamente para outro, como é o de Corcubión e posteriormente tamén na instrución 3 de Santiago, e no número 5.

Respecto disto, manifestarlle algunha curiosidade desde este grupo parlamentar algunhas manifestacións súas como titular e coñecedor da problemática dun xulgado de instrución con competencias ben precisadas, porque eu creo que nalgún caso está ben reiteralos porque no ven ben coñecido co competencias exclusivas, mais non excluíntes en materia de violencia sobre a muller, vostede manifestara a necesidade de eses xulgados exclusivos e excluíntes que impidan que a competencia de violencia sobre a muller non se puidera compatibilizar cunha instrución tan complexa como pode ser a do caso Alvia, que nos remitiron a feitos certos e reais que aconteceron nesta cidade. Esas manifestacións súas dende o Bloque Nacionalista Galego, servímonos delas, trouxemos aquí, lamentablemente con escaso éxito e sensibilidade, pero en todo caso, seguiremos repenicando, nós seguiremos reiterando porque entendo que é unha análise e unha reflexión moi importante.

Despois, esa especialización, con independencia das substitucións puntuais e non puntuais que puidese facer nos contenciosos de Compostela, polo que reiterabamos antes, fundamentalmente a súa traxectoria profesional está ligada a instrución nos mixtos ou ben penal ou ben civil, pero desgraciadamente, e dígolle desgraciadamente porque parte dese traballo probablemente no xulgado do civil existan responsabilidades, responsabilidades civís, e é realmente desgraciadamente o 80% do traballo que ten o

Consello Consultivo. O Consello Consultivo de Galicia o 80% seus ditames son, e digo, creo que estou, me pareceu entender o que vostede tampouco estaba de acordo con iso, a que se limitase o 80% responsabilidades patrimoniais.

Un órgano de asesoramento tan importante debería de ter unha relevancia técnica e xurídica moi superior. De feito, nalgún caso e informalmente plantexamos que a raíz da covid e da presumible carga de traballo que podía ter os xulgados e os órganos administrativos, que se utilizase ao Consello Consultivo para que agora se chama utilizando *mutatis mutandis* o pleito, o informe testigo que servirá para resolver moita litixiosidade administrativa, moita lexitimidade contencioso administrativo, como noutros casos o Bloque Nacionalista propón, pero non sempre de momento con moito éxito.

Máis outra das cousas ás que nos gustaría chamar a atención positivamente e que fixo referencia tanto no seu currículo como hoxe na súa exposición é que tanto no 2018 como no 2022, foi nomeado xuíz decano, polos seus compañeiros e compañeiras por unanimidade. Entendo que esas declaracións por unanimidade, eses recoñecementos por unanimidade, tan escasos, tan excepcionais, reflicten algo moi positivo como é a valoración institucional, a valoración do traballo colectivo por riba doutros intereses individuais ou sectoriais, nun momento, —e dígoos con moita tristura no nome do noso grupo— cando apreciamos e estou certo, aínda que non lle vou pedir que se manifeste sobre iso, despois dun suceso durante cinco anos, dunha instrumentalización perniciosa do que é o Consello Xeral do Poder Xudicial. Perniciosa para o funcionamento sobre todo da Administración, de xustiza, para o funcionamento das institucións.

Como vemos como se está a deturpar informes dun órgano estatutario como é o Consello de Contas, malinterpretando incluso alterando o que son as súas apreciacións, ou doutro órgano estatutario ao que se critica ao órgano estatutario polos seus informes recoñecendo que nin sequera se len.

Me imaxino que estará de acordo comigo seguramente con moito máis motivo, que é bastante espantoso algo moi común que se critiquen sentenzas sen ler as sentenzas, me refiro a que todos estamos afeitos, pois tamén é lamentable que se poida criticar un informe dun Consello da Cultura Galega sen ler ese informe da Cultura Galega.

E este respecto institucional ao Consello Consultivo entendemos que é moi importante, sobre todo cando se trata dun órgano que a meirande parte dos seus informes son preceptivos, mais non vinculantes. Polo tanto, a súa eficacia, a súa relevancia, vén dado esencialmente por autoridade, independencia de quen os emite, no polo feito de que sexan necesariamente de ser seguido.

E, por último, e para darlle un pouco a razón e recoñecerlle o seu interese e agardo que teña éxito nesa tarefa, xunto co seu currículo, chegaba á memoria do Consello Consultivo e a memoria do Consello Consultivo evidenciaba que nos seus 27 anos de existencia só informara tres anteproxectos de lei, dous decretos legislativos, por certo

ningún nos últimos sete anos. E que, por exemplo, os informes de decretos no 23 foron tres veces inferior ao que eran no 2008.

Polo tanto, agradecerlle a súa comparecencia, agradecerlle e recoñecerlle compartir en moitos casos as súas opinións e, desde logo, que teña moito éxito nas súas funcións.

Nada máis e moitas grazas.

**O presidente da Comisión (García Comesaña):** Moitas grazas, señor Tabarés.

Pasamos agora a palabra o Grupo Parlamentario Popular, neste caso a don Alberto Pazos Couñago tamén por un tempo 5 minutos.

**O señor Pazos Couñago:** Moitas grazas, presidente.

Permítanme que comece dándolle a benvida ao señor Lago Louro. Benvido á esta súa casa, señoría, para explicar, tamén, se nos permite, cales son os motivos que nos levaron a trasladar a súa proposta como candidato a esa vacante no Consello Consultivo. Unha proposta que facer da responsabilidade de quen está convencido da importancia da relevancia da labor do consultivo, como ademais se vén explicitando de maneira especial nos últimos tempos.

En primeiro lugar, porque nós confiamos a independencia dese órgano, vostede comprobara, xa puido facelo hoxe, que é algo que todos compartimos, a necesidade de independencia, aínda que despois adxudicamos intencionalidade cando os informes non me gusta, isto é algo que sucede con certa normalidade, terá que irse afacendo a esa realidade.

Tamén confiamos na capacidade autoorganizativa do Consello para determinar cales son as mellores fórmulas para exercer o seu labor, aínda que ás veces se critique precisamente que se fagan determinadas modificacións no organigrama do Congreso, a proposta do propio Consello. Isto é algo que tamén terá que irse afacendo. E tamén porque somos conscientes da relevancia que poden adquirir algúns informes e ditame do Consello, como sucedeu recentemente coa Lei do Litoral, que tamén foi criticado nesta comparecencia a pesar de que foi referendado posteriormente polo Tribunal Constitucional, pouco sospeitoso de afinidade co presidente actual da Xunta de Galicia.

En calquera caso, dende o convencemento da importancia que ten o órgano plantexamos esta candidatura. Que eu recoñezo que me causa unha especial satisfacción e voulle explicar porqué, porque nós traemos hoxe aquí como candidato en galego do común, a un galego do común fillo de galegos do común non ao último representante dunha longa estirpe de especialistas no ámbito da xudicatura ou de dereito en calquera



das súas especialidades, non, a un galego fillo de persoas que desenvolvían o seu traballo totalmente afastadas deste mundo e que decidiu por vontade propia dedicar a súa vida a impartir xustiza. E iso nos parece que é especialmente relevante.

Vostede, presentou un currículo que creo que fala de maneira sobrada á súa longa traxectoria profesional, que creo que lle permitiu adquirir un coñecemento da realidade xudicial do país pero tamén da realidade social a través dos distintos ámbitos xudiciais que foi tocando, e tamén é o que acredita un compromiso evidente coa xustiza, por exemplo, a través desa labor docente, que amosa unha vontade de permanente mellora do órgano xudicial a través da formación axeitada de quen ten que impartir esa xustiza.

Pero, sendo isto importante, sendo importante o currículo que presenta, nos parece tamén moi importante o como, como exerceu ao longo do tempo esa responsabilidade. E con todos cos que falamos, estamos falando dun xuíz cercano, dun xuíz humano, dun xuíz capaz de escoitar, dun xuíz que mantén unha magnífica relación cos seus compañeiros, cos profesionais da xustiza e tamén co xusticiable.

E iso creo que é algo que fala moi ben do perfil que hoxe presentamos. O contacto ou intento alo menos de manter un contacto permanente coa realidade social que o rodea e non encasillarse que é unha tentación que ás veces xorden nos xulgados ao encasillarse na realidade do propio xulgado e perder un pouco o contacto coa realidade que o rodea. E vostede en distintas manifestacións públicas ademais puxo un valor, esa necesidade vital que ten de manterse en contacto coa sociedade, e nos parece que iso é importante.

E destapouse aquí, e quero facelo tamén, que é un home capaz de xerar consensos, dúas veces foi elixido decano dos Xulgados de Santiago, a primeira, despois pode ser froito de que lle metese vostede un gol aos seus compañeiros, pero cando recuncaron tempo despois e decidiron que seguía sendo a persoa máis axeitada e o fixeron de maneira unánime para exercer esa función, creo que acredita unha capacidade para xerar consensos que é moi, moi, moi importante.

Nós, sinceramente cremos que ten vostede de funcións importantes por desenvolver en tempo adiante, e lle imos pedir que faga iso, que se centren na labor do órgano do que queremos e propoñemos que forme parte. Non se preocupe, non vai ser deste grupo quen lle pida que faga o que sexa, un documento ou unha análise consensado sobre a evolución da creación poética na Galiza da última década, porque creo que cada órgano ten que pronunciarse sobre aquelas cuestións ás que ten competencia directa.

E, polo tanto, como cremos que ten vostede unha capacidade técnica e xurídica máis que acreditada, como cremos que acreditou tamén esa vontade de servizo público e un profundo compromiso con Galicia, pois só nos queda desexarche sorte e moitos acertos.



Eu o que si lle podo dicir en nome deste grupo e que estábamos convencidos cando o propuxemos, que tiñamos acertado co perfil e coa persoa axeitada para desenvolver estas funcións. E despois da súa comparecencia lle podo dicir que saímos aínda máis convencidos do que chegamos a esta Comisión.

Así que, de verdade, a mellor das sortes e oxalá a súa contribución a este órgano estea á altura das expectativas que vostede mesmo se se marcou aquí e que seguro que son compartidas polo conxunto das persoas que estamos hoxe aquí representadas.

Moitas grazas.

**O presidente da Comisión (García Comesaña):** Moitas grazas, señor Pazos.

E como estaba previsto agora, ten novamente a palabra o comparecente por un tempo de 5 minutos.

**O señor Lago Louro:** Primeiro, gracias polas súas palabras a todos.

Moitas grazas, de verdade, con sentimento o digo, de verdade.

E, miren, e eu non estou acostumado ser xulgado, estou máis ben acostumado a xulgar que a ser xulgado, pero despois desta comparecencia ata me estoy replanteando, propoñerlle á Escola Xudicial cunha das tarefas de todo xuíz, debe ser sentarse un día aí abaixo e experimentar a sensación que dá que outros che xulguen. Creo que é moi importante, é dicir, en toda unha vida na labor, xa non só na actividade persoal de cada un, senón tamén a labor profesional, hai que ter un grao de empatía sempre moi, moi centrado, moi considerable.

Miren, non sei o resultado da votación que van vostedes emitir nin sei o sentido, nin pretendo tampouco aquí dicirllas nada á parte do que xa teño dito. O que si lles podo asegurar e a todos os representantes de todos os grupos políticos é que eu non vou cambiar, eu non vou cambiar. Despois de 22 anos de exercicio profesional, e agora que teño 51, como ben saben, un, os defectos suelen pulirse, pero as virtudes deben conservarse.

A independencia no exercicio profesional e o servizo público téñeno en min garantido. A accesibilidade de calquera persoa, administración, de calquera cidadán, ao Consello Consultivo, alo menos estando eu no Consello Consultivo, téñena garantida e, por tanto, pouco máis podo dicir.

Grazas polas súas palabras. Foi para min unha honra. Saiban que foi unha honra e é a primeira vez que veño aquí o Parlamento, é un honor, é unha honra, a comparecer aquí nesta sala atendida e a todas polas súas palabras —que insisto— lévoas no corazón e agradézollo profundamente.

Moitas grazas.

Gracias, presidente.

**O presidente da Comisión (García Comesaña):** Moitas grazas, don Andrés.

Con esta comparecencia de Andrés Lago Louro, candidato proposto para a cobertura dunha vacante dun membro electivo do Consello Consultivo de Galicia, remata esta sesión da Comisión.

Agradezo por suposto, ao candidato e a todos os grupos a adaptación ao tempo é, como ben dicía todos os compañeiros a verdade é que a predisposición e o curriculum, e sobre todo, tal como se defendeu aquí, é o que se escoitou a continuación, fai pensar que todo vai ir moi ben, pero a votación será no vindeiro Pleno.

Moitas grazas de novo.

Grazas a todos.

*(Remata a comparecencia ás 12.40 horas)*